

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E "ATHISA BIOGENERACIÓN S.L." PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA PILOTO PARA A XESTIÓN INTEGRAL DE EFLUENTES DE FÁRMACOS CITOSTÁTICOS LÍQUIDOS XERADOS NO HOSPITAL ALVARO CUNQUEIRO, DA AREA SANITARIA DE VIGO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que a o Servizo Galego de Saúde e "Athisa Biogeneración S.L.", formalizaron o 19/11/24 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos desde a data da súa sinatura ata o 19 de novembro de 2025, con posibilidade dunha prórroga de igual duración.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a realización dun "Programa Piloto para a xestión integral de efluentes de fármacos citostáticos líquidos" xerados no Hospital de Día do Hospital Álvaro Cunqueiro, da Área Sanitaria de Vigo, para avaliar a eficacia e eficiencia do mesmo, de cara á súa implantación noutros centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

O Servizo Galego de Saúde está comprometido con proxectos innovadores de carácter medioambiental e de economía circular, e atópase incorporado a través da Rede GGHH, Global Green Healthy Hospitals e HCWH Health Care Without Harm, a diferentes proxectos europeos como Low Carbon no Hospital Universitario Lucus Augusti (Lugo) e forma parte da COP25.

O Servizo Galego de Saúde está interesado nos beneficios medioambientais e para a saúde pública que ofrece o programa proposto por Athisa Biogeneración para a xestión integral dos

efluentes contaminados con fármacos citostáticos que se producen no Hospital de Día do Hospital Álvaro Cunqueiro, e nas condicións particulares propostas para executar un programa piloto de posta en marcha e demostración, tal como se definen no convenio de colaboración asinado.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

José Ramón Parada Jorgal

